



SUMARIO

- [1-4] NOVAS
- [2-3] IGAEM
- [3] Centro Dramático Galego
- [4] Grupo de Música Tradicional
- [4] NOVIDADES EDITORIAIS
- [5] AXENDA
- [6-7] ALERTA!
- [8] A REDE EN CIFRAS

O INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS APOIARÁ 63 INICIATIVAS DO SECTOR A TRAVÉS DO SEU PROGRAMA DE AXUDAS

O CONSELLO REITOR RATIFICOU A CONCESIÓN DE 1.097.162 EUROS PARA CINCO DAS SEIS MODALIDADES CONVOCADAS

O IGAEM apoiará economicamente 63 iniciativas relacionadas co teatro, a música e a danza presentadas por empresas, entidades e particulares en resposta á convocatoria de axudas ao sector escénico e musical galego para 2006. Na súa reunión do pasado 3 de agosto, o Consello Reitor do Instituto ratificou a concesión de 1.097.162,88 € para cinco das seis modalidades das que consta este programa de subvencións: produción, dotacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios, programación de salas de teatro e artes escénicas, e unha primeira quenda das de distribución e estudo-investigación.

O importe adxudicado nesta primeira fase supón un 72,18% do orzamento total da convocatoria (1.520.000 €), a través da que se busca incidir no fomento e a promoción do sector cara á constitución dunha industria galega do teatro, a música e a danza innovadora e competitiva. A contía restante (422.837,12 €) resérvase á modalidade dirixida á actividade asociativa, universitaria e non profesional, pendente de resolución, así como ás liñas de apoio á distribución e á formación, para as que aínda continúa aberto o prazo de recepción de solicitudes.

No caso das subvencións á produción de montaxes teatrais e coreográficas (modalidade A), 25 compañías profesionais galegas son adxudicatarias dunha contía global de 785.000 € para a posta en marcha dos seus novos espectáculos. Deste importe, 649.000 destínanse ás novas producións de 18 grupos profesionais galegos de teatro de actor e de monicreques, 100.000 € ás propostas coreográficas de 5 compañías, e 36.000 € a dúas montaxes presentadas dentro da categoría de nova creación.

O apartado de distribución (modalidade B), no que por primeira vez se teñen en consideración espectáculos musicais ademais dos escénicos, conta cun orzamento de 240.000 €, do que até o momento foron adxudicados 51.526,88 € a 13 montaxes de teatro e danza. O importe restante (188.473,12 €) resérvase para os proxectos seleccionados de entre todos os que se reciban até o 15 de novembro, tendo en conta que, en cada caso, a data límite se sitúa 15 días antes da celebración da primeira das funcións da xira proposta.

[continúa na pantalla seguinte]

e-sцена é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos: Área de Comunicación.

Supervisión lingüística: Área de Publicacións

Deseño gráfico: Uqui / Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06

[vén da pantalla anterior]

Canto ás subvencións aos espazos escénicos, 8 escenarios resultaron beneficiarios do total de 120.000 € convocados dentro da nova liña de apoio ás dotacións e investimentos na Rede Galega de Teatros e Auditorios (modalidade C), mentres que os 95.000 reservados para a programación de salas de teatro e de artes escénicas (modalidade D) foron adxudicados a 4 espazos de titularidade privada.

Por último, o Consello Reitor do IGAEM ratificou a concesión de 45.636 € (76% dun total de 60.000 €) a 13 das propostas presentadas até o momento ás axudas ao estudo e á investigación (modalidade F), que o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais convoca tamén por vez primeira co obxectivo de fomentar a reciclaxe profesional e a formación especializada das persoas vinculadas ás actividades de creación, produción, distribución e exhibición de espectáculos escénicos e musicais, así como de promover a actividade investigadora no ámbito de teatro, a danza e a música. Dentro desta modalidade, mantense aberto até o 31 de outubro o prazo de recepción de solicitudes para a categoría de axudas ao estudo.

Para a resolución desta primeira fase da convocatoria, as respectivas comisións de avaliación valoraron as 93 propostas admitidas a trámite polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais até o momento, das que 37 optaban ás axudas á produción, 18 ás de distribución, 16 ás das dotacións da Rede, 5 á programación de salas privadas de exhibición escénica e 17 ao estudo e investigación.

AXUDAS Á PRODUCCIÓN

Nova creación

Compañía	Espectáculo
Nut Teatro	<i>Todas firen menos a última que mata</i>
Teatro Lope	<i>Ide todos ao inferno</i>

Teatro de actor e de títeres

Compañía	Espectáculo
A Factoría Teatro	<i>O baile</i>
Berrobambán	<i>Buh!</i>
Encena Producións	<i>Lola</i>
Espello Cóncavo	<i>Zardigot</i>
Espiral Producións (Fulano, Mengano e Citano)	<i>Arte</i>
Lagarta Lagarta	<i>As derradeiras lúas</i>
Ningures Producións	<i>Emigrados</i>
Nove-Dous	<i>Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas</i>

Os Monicreques de Kukus	<i>Sen título, 4x8x6</i>
Sarabela Teatro	<i>Margarida no pazo de Cronos</i>
Talia Teatro	<i>O merlo branco</i>
Tanxarina Títeres	<i>Sombras</i>
Teatro do Morcego	<i>O burgués xentilhome</i>
Teatro do Noroeste	<i>Romeo e Xulieta</i>
Títeres Cachirulo	<i>Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí</i>
Títeres Falcatrúa	<i>O misterio dos cueiros máxicos</i>
Títeres Trompicallo	<i>Bolboreta</i>
Títeres Viravolta	<i>O paxaro de lume</i>

Danza

Compañía	Espectáculo
Ballet Studio	<i>De meu</i>
Disque Danza	<i>Menú vexetal</i>
Druída Danza	<i>Verde transparente</i>
Inquedanza	<i>En la cuenca de tus ojos</i>
Nova Galega de Danza	<i>Engado. Ilusionistas de a pé</i>

AXUDAS ÁS DOTACIÓNS E INVESTIMENTOS PARA A REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Auditorio Gabriel García Márquez de Oleiros
Auditorio Municipal de Cangas
Auditorio Municipal Cine Aloví das Pontes
Pazo da Cultura de Carballo
Teatro Municipal Lauro Olmo do Barco de Valdeorras
Teatro Pastor Díaz de Viveiro
Teatro Principal da Estrada
Teatro Principal de Pontevedra

AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN

Compañía	Espectáculo
Artello Teatro Alla Scala 1:5	<i>De fábula</i>
Encena Producións	<i>Evita, Eva Perón</i>
Inquedanza	<i>En la cuenca de tus ojos</i>
Matarile Teatro	<i>Historia natural</i>
Nova Galega de Danza	<i>Engado</i>
Os Monicreques de Kukus	<i>Contos do vento acatarrado</i>
Pisando Ovos	<i>N8 OHX</i>
Sapristi Teatro	<i>So, sobre</i>
Tanxarina Títeres	<i>Titiricircus</i>
Teatro Ensalle	<i>Oco</i>
Teatro Buratini	<i>Cuentos para todo el año</i>
Teatro do Noroeste	<i>A casa do pai</i>
Títeres Trompicallo	<i>Nadarín</i>

AXUDAS Á PROGRAMACIÓN DE SALAS DE TEATRO E ARTES ESCÉNICAS

Sala Nasa (Santiago)
Sala Yago (Santiago)
Teatro Ensalle (Vigo)
Teatro del Andamio (A Coruña)

AXUDAS AO ESTUDO E Á INVESTIGACIÓN

Axudas á formación

Eva Alonso Gómez
Áurea Ferreiro Carballo
Tamara Lorenzo Gabeiras
Muriel Sánchez Sánchez

Axudas á investigación

César Abella Vázquez
Mª Begoña Acuña González
Francisco Ayaso Monteagudo
Olga Fernández Nogueira
Iria Fernández Sobrado
Xosé Lueiro Lemos
Branca Novo Rey
Héctor Manuel Pose Porto
Santiago Prego Cabeza



AS FUNCIÓNS DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS FORON SEGUIDAS POR MÁIS DE 44.800 ESPECTADORES DE XANEIRO A XUÑO

Un total de 44.810 espectadores asistiron ás 283 funcións celebradas durante o primeiro semestre de 2006 na Rede Galega de Teatros e Auditorios, circuíto integrado por diferentes espazos escénicos de 45 concellos e entidades. Cunha ocupación media do 42,74% e unha facturación de 132.378,70 €, de xaneiro a xuño a programación da Rede estivo protagonizada por 68 compañías e intérpretes, a meirande parte deles galegos.

Por xéneros artísticos, o teatro volveu situarse na cabeza deste cartel, cun total de 254 actuacións, seguido da música, con 14 funcións; da maxia, con 13; e da danza, con 2 exhibicións.

Durante o segundo semestre do ano, este circuíto acollerá 244 funcións, ás que haberá que sumar ás 88 representacións que conforman os novos programas Rededanza (34), Redesons Jazz (29) e Redesons Clásica (25), que darán comezo a partir deste mes de setembro no marco da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

CONVOCADO O IV PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE TÍTERES CUNHA DOTACIÓN DE 4.000 € EN CADA UNHA DAS SÚAS MODALIDADES

O IGAEM convoca o IV Premio Internacional Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres cunha dotación de 8.000 €, dividida nas súas dúas modalidades de obras dirixidas especificamente a adultos (4.000 €) e a rapaces (4.000 €), contía que supón un incremento total de 2.000 € (1.000 € por categoría) respecto da edición de 2005. O prazo de recepción de textos manterase aberto até o vindeiro 25 de setembro.

O Instituto promove o certame en colaboración coa Asociación Cultural Barriga Verde como xeito de incentivar a creación de textos neste ámbito teatral, ao tempo que lembra a figura de José Silvent, creador do mítico personaxe de Barriga Verde e considerado fundador do guiñol popular galego, así como precursor do actual teatro de monicreques.

Segundo establecen as bases publicadas no DOG o pasado 26 de xullo, poden optar a este premio todos os autores, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten obras inéditas, non representadas nin premiadas con anterioridade, e escritas en calquera lingua oficial sempre que veñan acompañadas da súa correspondente tradución



ao galego. O tema e a extensión son libres, considerando o principio de duración normal dun espectáculo completo entendido nun sentido amplo.

UN TOTAL DE 49 OBRAS OPTAN AOS GALARDÓS ÁLVARO CUNQUEIRO E MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais recibiu un total de 49 obras en resposta á convocatoria conxunta do XV Premio Álvarounqueiro para Textos Teatrais e do I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, con 24 e 25 textos candidatos,

respectivamente. Cunha dotación económica de 6.000 € para o Álvarounqueiro e de 4.000 € para o Manuel María, ambos galardóns implican ademais a publicación das obras gañadoras.

O xurado dos premios, formado por un presidente e catro persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural, dará a coñecer o seu ditame antes do 7 de novembro. Complementariamente ás calidades literarias e aos contidos dramáticos que posúen os textos recibidos, na súa decisión teranse en conta todos os factores que inciden na viabilidade escénica: número de personaxes, espazo escénico, condicións técnicas, etc.

Roberto Salgueiro, Euloxio R. Ruibal, Agustín Magán, Roberto Vidal Bolaño, Xosé Cid Cabido, Manuel Riveiro Loureiro, Raúl Dans, Afonso Becerra de Becerreá, Siro López, Antón Lopo e Rubén Ruibal conforman a destacada listaxe de autores que teñen no seu haber o Premio Álvarounqueiro para Textos Teatrais, o de máis longa traxectoria de todos os que se desenvolven no ámbito teatral galego. Na súa décima quinta edición, foi convocado xunto co Premio Manuel María, galardón de nova creación para obras dirixidas especificamente ao público infantil, co que comparte o obxectivo de incentivar a creación literaria no ámbito do teatro.

CÁNDIDO PAZÓ, PACO ZARZOSO E ABEL NEVES IMPARTIRÁN OS PRIMEIROS OBRADOIROS DO CENTRO DE CREACIÓN DRAMÁTICA CONTEMPORÁNEA DO CDG

O Centro Dramático Galego inaugurará o vindeiro mes de novembro o seu Centro de Creación Dramática Contemporánea coa posta e marcha do curso de escrita teatral «Pistas para unha dramaturxia de actualidade» baixo a coordinación do autor, actor, narrador e director escénico Cándido Pazó (Vigo, 1960), quen durante a temporada 2006-2007 será ademais o dramaturgo residente do CDG.

O curso estrutúrase en tres obradoiros de 15 horas de duración cada un e nos que, a partir da identificación e estudo dos múltiples temas que poidan definir a actualidade, serán rastrexados e experimentados os distintos enfoques, estratexias e camiños dramaturxicos para abordalos. Así, baixo o título «O tema. ¿Sobre que queremos escribir?», o primeiro destes seminarios –que será impartido polo propio Pazó do 13 ao 17 de novembro– centrarase en aspectos relacionados coa escolla dos temas e motivos de teatralización, dirección de conflitos e valoración dos potenciais puntos de partida.

O dramaturgo valenciano Paco Zarzoso (Puerto de Sagunto, 1966), que vén de estrear *Arbusht* no Teatre Lliure de Barcelona dentro do Festival Grec 2006, traballará cos alumnos os elementos estruturais da obra no segundo dos seminarios, «A estrutura dunha peza», que terá lugar en xaneiro de 2007. O último taller, «Diálogos. O acabado da peza», desenvolverase do 5 ao 9 de marzo a cargo do dramaturgo, poeta e novelista portugués Abel Neves



(Montalegre, 1956), quen porá énfase na estilística, na construción de personaxes, nos diálogos e nas resolucións finais.

Durante a súa estadía no Centro de Creación Dramática Contemporánea, os participantes escribirán un texto breve que, arrincando no primeiro dos seminarios, tomará forma no segundo e quedará practicamente rematado no terceiro. Para este fin, o dramaturgo residente establecerá un período de seguimento presencial e a distancia dos traballos dos alumnos posterior á celebración de cada un dos talleres. Ao remate do curso, o CDG organizará unhas lecturas dramatizadas cunha selección dos textos xurdidos desta experiencia.

Este encontro está dirixido a todas aquelas persoas con interese na escrita teatral, preferiblemente con experiencia ou con formación probada en artes escénicas, establecéndose un límite máximo de 12 prazas. Os interesados poderán inscribirse do 12 de setembro ao 23 de outubro nas oficinas do Centro Dramático Galego, en horario de 9.00 a 14.30 horas.

O GRUPO DE MÚSICA TRADICIONAL DO IGAEM TRABALLA NO NOVO REPERTORIO QUE OFRECERÁ NOS SEUS DIRECTOS

O Grupo de Música Tradicional do IGAEM está a preparar o novo repertorio que ofrecerá na súa vindeira temporada de concertos, no que se recollen tanto temas populares e tradicionais galegos, arranxados polos integrantes do conxunto, como adaptacións e composicións de nova creación incluídas nos seus traballos discográficos *Por ir ao baile* (2004) e *Alba de abril* (2001).

Así, o Grupo recupera varias pezas tradicionais, como o popular *Alalá da montaña*, especialmente arranxado co obxectivo de respectar e transmitir o carácter «ad libitum» propio do orixinal, e a *Xota de Louredo*, recollida pola Agrupación Xuvenil Xacardaina da Coruña no lugar de Santo Adrián de Cobres, na provincia de Pontevedra. Traballa tamén nunha versión de *Villoria*, de Ricardo Courtier, arranxada por Xosé Lois Romero. Esta peza centenaria era interpretada habitualmente polo cuarteto Os Trinta de Trives, grupo do que Courtier foi compositor e responsable dos arranxos e que destacou pola súa singular formación de gaita, requinto, caixa e bombo.

O programa inclúe, ademais, a súa orixinal revisión da *Alborada galega*, de Pascual Veiga, as *Muiñeiras de Xinzo* e de *Florencio* –a primeira delas tradicional de Xinzo (Moaña) e a segunda recollida do amplo repertorio de melodías do músico ambulante Florencio, máis coñecido como «O cego dos Vilares»–, a *Danza de pate-*

las e a *Muiñeira dos Areeiras*, esta última popularizada polo grupo Os Areeiras de Catoira. Todos estes temas foron gravados polo Grupo de Música Tradicional para *Alba de abril*.

O resto das pezas que presentarán en directo na nova temporada atópanse en *Por ir ao baile*, o seu último traballo editado até o momento: *A Ramallosa* (popular), *Rumba do Pombal* (Xoán Carlos Rilo) e *Muiñeira de San Martiño de Ozón* (tradicional), *Rumba de Juanito do Carballal* (tema arranxado por Xosé Lois Romero a partir dunha peza do Courel que interpretaba o xa desaparecido grupo Viola), *Sísamo* (recreación contemporánea

de Xosé Lois Romero sobre o *Pasodobre de Sísamo*, recollido nesta aldea de Carballo), *Foliada en Cecebre* (Xoán Carlos Rilo) e *Maneo de Malpica* (arranxo de Xosé Lois Romero a partir da melodía dun dos numerosos maneos da comarca de Bergantiños).

Con 15 anos de traxectoria, a proposta musical do Grupo de Música Tradicional foi evolucionando cara a un son máis contemporáneo ao tempo que se incorporaron novos instrumentos –zanfona, violíns, frauta, acordeón, clarinete e percusión tradicional, entre outros– á formación inicial de gaitas, tamboril e bombo.



novidades editoriais



Manuel LUGRÍS Freire. Do texto ao escenario


Manuel F. Vieites (ed)
Editorial Galaxia / IGAEM
Biblioteca de Teatro.
Serie Grandes Manuais, nº 1
ISBN: 84-453-4268-1
(Xunta de Galicia) /
84-8288-922-2 (Editorial Galaxia)
PVP: 29,50 €




Elaborado dende a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, o título que abre a serie *Grandes Manuais da Biblioteca de Teatro* analiza as achegas de Manuel LUGRÍS Freire no contexto da transformación e formulación de proxectos para a construción ou reconstrución da vida escénica, nun momento no que o sistema teatral en toda Europa estaba sometido a fondos cambios. Ademais de presentar un estudo do contexto dramático en Galicia e Europa, o volume propón unha lectura en clave actual dos textos de LUGRÍS.

Sobre Pirandello

Antonio Gramsci
Edicións Laiovento
Cadernos Teatro, nº 5
Presentación, tradución e notas:
Xesús González Gómez
ISBN: 84-8487-096-0
PVP: 3,50 €

Sobre Pirandello reivindica a figura literaria do pensador e político italiano Antonio Gramsci (Sardegna 1891-Roma 1937), centrándose na súa faceta de crítico literario que desenvolveu na edición turinesa do xornal *Avanti!* entre 1916 e 1920. Reúnese aquí o total de 12 recensións teatrais de obras de Pirandello –do que este ano se conmemora o 70 aniversario do seu pasamento– que Gramsci publicou no devandito diario, xunto con cinco textos máis extensos dedicados ao dramaturgo siciliano que forman parte do seu *Quaderni del carcere*.



01 VENRES		Nove Dous <i>Ondas</i> Vilagarcía de Arousa 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL				01 VENRES
08 VENRES		Sarabela Teatro <i>A gata con botas</i> Arteixo 20.30 CENTRO CÍVICO CULTURAL	Pisando ovos <i>N8 OHX</i> Vilagarcía de Arousa 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL			08 VENRES
09 SÁBADO	Inquedanza <i>En la cuenca de tus ojos</i> Vilagarcía de Arousa 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL		Lagarta Lagarta <i>Carambola</i> (cóncavo, convexo) Ponteareas 21.00 AUDITORIO R. SOUTULLO			09 SÁBADO
15 VENRES	Xirriquiteula Theatre <i>Papirus</i> Arteixo 20.30 CENTRO CÍVICO CULTURAL	Disque Danza <i>Cadanseu chapeu</i> Vilagarcía de Arousa 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL				15 VENRES
16 SÁBADO	A Factoría Teatro <i>O tío Vania</i> Santiago de Compostela TEATRO PRINCIPAL	Experimenta Danza <i>Imaxina que...</i> Vilagarcía de Arousa 18.00 AUDITORIO MUNICIPAL				16 SÁBADO
17 DOMINGO		A Factoría Teatro <i>O tío Vania</i> Santiago de Compostela TEATRO PRINCIPAL				17 DOMINGO
22 VENRES	Teatro del Andamio <i>Yepeto</i> A Coruña 20.30 FORUM METROPOLITANO	Teatro do Atlántico <i>A rainha da beleza de Leenane</i> Vilagarcía de Arousa 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL				22 VENRES
23 SÁBADO	Teatro del Andamio <i>Yepeto</i> A Coruña 20.30 FORUM METROPOLITANO	Lagarta Lagarta <i>Carambola</i> (cóncavo, convexo) Vilalba AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ EGUIAGARAY		Teatro de Ningures <i>Tartufo</i> Vilanova de Arousa CASA DA CULTURA DO ESTEIRO		23 SÁBADO
24 DOMINGO	B.B. Produccións <i>Lili Camaleón</i> San Sadurniño 19.30 CENTRO SOCIOCULTURAL	A Factoría Teatro <i>Os homes só cantan até tres</i> Vigo CENTRO CULTURAL CAIXANOVA				24 DOMINGO
28 XOVES	Druída Danza <i>Verde transparente</i> A Coruña 20.30 TEATRO ROSALÍA DE CASTRO					28 XOVES
29 VENRES	Fulano, Mengano e Citano <i>O faro</i> Ames 21.00 CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS	Artello – Teatro Alla Scala 1:5 <i>De fábula</i> O Barco 19.30 TEATRO LAURO OLMO		Migallas Teatro <i>O carballiño enfermo</i> Vilalba AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ EGUIAGARAY	A Factoría Teatro <i>O tío Vania</i> Vilagarcía de Arousa 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL	29 VENRES
30 SÁBADO	Expresións Produccións <i>Entre nós</i> Cangas AUDITORIO MUNICIPAL	Jazz Vides Quarter <i>Standards de jazz</i> (anos 40-50-60) Gondomar 22.30 AUDITORIO LOIS TOBÍO		Teatro de Ningures <i>Tartufo</i> Ponteareas 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL REVERIANO SOUTULLO	Teatro do Atlántico <i>A rainha da beleza de Leenane</i> As Pontes AUDITORIO MUNICIPAL ALOVI	30 SÁBADO

1. CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia	■ 1º Premio: 4.000 € e a posibilidade de incluír a obra gañadora na programación de coreografías premiadas 2007 da Federación Española de Profesionales de la Danza. ■ 2º Premio: 2.500 € ■ 3º Premio: 2.000 € ■ Premio ao bailarín/a sobresaínte: 1.500 €	Coreografías (unha por coreógrafo/a) orixinais ou estreadas no ano 2006, interpretadas por un mínimo de 3 bailaríns e un máximo de 6. Non se aceptan solos, e a duración da obra non pode exceder os 15 minutos.	18 de setembro
IV Premio Internacional Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres	Conta cunha dotación económica de 4.000 € para cada unha das dúas modalidades convocadas: textos de teatro de títeres para rapaces e textos de teatro de títeres para adultos.	Todos os autores, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten obras inéditas, non representadas nin premiadas con anterioridade, escritas en calquera lingua oficial, sempre que veñan acompañadas da súa correspondente tradución ao galego conforme a normativa vixente. Os textos serán de tema e extensión libres, considerando o principio de duración normal dun espectáculo completo entendido en sentido amplo.	25 de setembro
Centro de Creación Dramática Contemporánea do CDG: Curso «Pistas para unha dramaturxia da actualidade»	Supervisado por Cándido Pazó, o curso consta de tres seminarios: ■ <i>O tema, sobre que queremos escribir?</i>, impartido por Cándido Pazó do 13 ao 17 de novembro. ■ <i>A estrutura dunha peza</i>, polo dramaturgo valenciano Paco Zarzoso en xaneiro de 2007. ■ <i>Diálogos. O acabado da peza</i>, polo creador portugués Abel Neves do 5 ao 9 de marzo de 2007. Trala celebración de cada un dos talleres, establece-rase un período de seguimento dos textos dos alumnos.	Todas as persoas con interese na escrita teatral, preferiblemente con experiencia ou con formación probada nas artes escénicas. Admitirase un máximo de 12 alumnos/as.	Inscripción do 12 de setembro ao 23 de outubro no CDG ¹ en horario de 9.00 a 14.30 h.
Axudas e subvencións ao sector escénico e musical galego	Axudas á distribución de espectáculos de artes escénicas e musicais. Axudas ao estudo para fomentar a reciclaxe profesional e a formación especializada.	Empresas e/ou compañías profesionais de teatro, danza e música. Persoas físicas maiores de 18 anos e que teñan a súa residencia ou lugar de traballo en Galicia, vinculadas ao teatro, á danza ou á música.	15 de novembro² 31 de outubro

(1) Salón Teatro. Rúa Nova, 34. Santiago de Compostela

(2) Un mínimo de 15 días antes da celebración da primeira das actuacións dos espectáculos obxecto de subvención e, en todo caso, antes do 15 de novembro

2. LABORAL / FISCAL / CONTABLE

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Consellería de Traballo: Fomento da contratación por conta allea	Contratación de mozos/as menores de 30 anos e de colectivos desfavorecidos e con dificultades de inserción e conciliación da vida laboral e familiar.	Empresas (persoas xurídicas ou autónomos) que contraten traballadores dos colectivos subsidiados. Máis información na web http://traballo.xunta.es/index.jsp?lang=gal&menu=pe0&entry=pe2&item=&content=	15 de setembro ³

(3) Consultar convocatorias específicas (esta data pode variar nalgúns dos programas de incentivos incluídos baixo este epígrafe xeral)

(...) LABORAL / FISCAL / CONTABLE

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Consellería de Traballo: Promoción do emprego autónomo	Axudas para a creación de novas empresas: subvención financeira, axudas para inversións e para gastos correntes.	Desempregados que se dean de alta como autónomos independentemente ou que constitúan unha sociedade limitada. Mais información na web http://traballo.xunta.es/index.jsp?lang=gal&menu=pe0&entry=pe3&item=&content=4013	15 de setembro
IGAPE: Programa emprendedores	Servizos de formación e titoría gratuítos. Subvención para investimentos e gastos de inicio de actividade.	Promotores de novas empresas. Mais información na web: http://www.igape.es/Programas_e_axudas/Emprendedores/Emprendedores.not.aspx	31 de decembro

3. PROGRAMAS EUROPEOS

Convocatoria / Proroma	Contido	Dirixido	Data límite
Cultura 2000	Fomentar a aparición e a expansión de novas formas de expresión, dentro dos ámbitos culturais tradicionais e paralelamente ao desenvolvemento dos mesmos: música, artes escénicas, artes plásticas e visuais, fotografía, arquitectura, literatura, libros, lectura, patrimonio cultural incluída a paisaxe cultural, e cultura infantil.	Organizacións culturais en xeral, administracións públicas, asociacións, grupos culturais, etc.	Convocatoria inminente
Xuventude	■ Intercambios de xoves. ■ Servizo Voluntario Europeo. ■ Iniciativas xuvenís.	Asociacións e organizacións xuvenís, así como entidades públicas de ámbito local e estatal.	5 prazos anuais

4. OUTRAS CONVOCATORIAS

Convocatoria / Proroma	Contido	Dirixido	Data límite
GZCrea 2006. Certame Galego de Creadores Novos	A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, organiza este certame nas modalidades de teatro, artes plásticas, fotografía, moda, música, relato, poesía, vídeo, gastronomía, banda deseñada, graffiti e carteis. Premios por especialidade: ■ 1º premio: 3.000 € ■ 2º premio: 1.500 € ■ 3º premio: 1.000 €	Mozos/as galegos/as ou residentes en Galicia, non profesionais, de 16 a 30 anos de idade cumpridos no ano 2006. A participación será sempre individual agás nas especialidades de teatro, música, banda deseñada e graffiti, nas que pode ser colectiva. Máis información: http://gzcreea.com	15 de setembro

REXISTRO DE DATOS: XANEIRO-XULLO 2006

CONCELLOS E ENTIDADES

Concellos e entidades	Funcións	Espectadores/ función	Facturación/ función
A Coruña	6	153,83	1.604,23
A Estrada	6	208,83	468,17
Ames	5	67,60	113,20
Arteixo	6	137,33	109,60
As Pontes	3	61,33	63,00
Betanzos	5	139,20	278,40
Boiro	5	145,40	79,20
Burela	2	218,50	23,50
Cambados	5	219,20	262,80
Cangas	6	186,00	618,67
Carballo	5	213,40	401,00
Cariño	6	132,83	12,33
Cedeira	3	51,67	120,67
Cee	5	103,80	157,70
Culleredo	5	142,60	0,00
Ferrol	9	161,11	965,00
Foz	7	115,00	0,00
Gondomar	1	75,00	207,00
Lalín	5	131,20	104,00
Lugo	6	295,00	1.680,00
Monforte de Lemos	3	245,00	654,00
Muros	8	95,25	138,31
Narón	10	237,00	1.172,48
Noia	3	179,67	662,00
O Carballiño	7	113,86	230,86
Oleiros	6	170,17	423,75
Ortigueira	3	109,00	79,20
Ourense	9	120,67	813,89
Ponteareas	7	202,14	319,71
Pontevedra	12	272,08	512,25
Redondela	8	242,38	776,70
Ribadeo	8	115,75	454,75
Sada	8	89,50	25,88
San Sadurniño	7	70,14	91,50
Santiago de Compostela	16	178,19	754,66
Sanxenxo	4	94,50	183,00
Silleda	5	408,80	61,60
Tui	1	500,00	3.330,00
Vigo	24	64,63	137,38
Vigo (Caixanova)	10	320,40	1.755,00
Vilagarcía de Arousa	11	70,18	108,82
Vilalba	7	204,00	556,03
Vilanova de Arousa	4	76,50	0,00
Viveiro	4	302,00	442,50
TOTAIS	286	161,65	472,60

COMPAÑÍAS

Compañías	Funcións	Espectadores/ función	Facturación/ función
A Factoría Teatro	5	185,40	534,10
Abe Rábade Jazz	1	46,00	105,00
Ancora Producións	6	119,33	529,42
Antonio Romarís	1	400,00	0,00
Artello-Teatro Alla Scala 1:5	6	200,17	319,58
Art-Monium	1	174,00	834,00
Balea Branca	1	181,00	684,00
Batuko Tabanka	1	73,00	77,40
Berrobambán Teatro	1	457,00	1.772,00
Bucanero & Eme2 Producións	4	44,00	159,75
Caramuxo Teatro	6	243,67	304,08
Casahamlet	1	41,00	194,00
Chrystyan Magic	2	215,50	240,50
Compañía Cuarta Pared	2	206,50	913,40
Creacións Máxicas	3	249,67	613,33
Cuarteto de Corda da Orquestra Solistas de Galicia	1	250,00	0,00
Cuarteto Ephimere	2	24,00	75,00
Estíbaliz Espinosa e Rupert Twine	1	33,00	34,50
Fulano, Mengano e Citano	13	157,92	503,02
Javier Muro	5	255,20	155,40
La Zaranda	1	380,00	1.050,00
Lagarta Lagarta	21	160,52	527,99
LaSal Teatro	3	78,33	101,67
Los Figaros	1	260,00	0,00
Mago Richard	2	157,50	115,00
Magüi Mira	1	84,00	413,00
Marco González Tango Argentino	1	600,00	0,00
Máscara Producións	2	67,50	187,50
Migallas Teatro	6	207,17	129,10
Miki Nervio & The Bluesmakers	1	59,00	61,20
Mofa e Befá	5	190,40	756,68
Nova Galega de Danza II	2	301,50	3.765,20
Nove Dous	4	62,50	87,10
O Mago Teto	1	227,00	272,40
Orquestra de Cámara Solistas de Galicia	1	23,00	115,00
Os Monicreques de Kukas	4	169,00	125,00
Os Quinquilláns	1	33,00	46,00
Os Sete Magníficos Máis Un	1	87,00	205,00
Pablo Nojes e Párika	3	54,33	70,00
Payaso Popín	2	240,00	0,00
R. T. A.	20	417,55	2.601,93
Sala Yago	6	183,50	83,50
San & San	4	70,50	239,53

COMPAÑÍAS

Santart	9	77,56	155,62
Sapristi	8	88,63	227,25
Sarabela Teatro	22	168,41	334,39
Sexteto de Corda No Mar	1	135,00	0,00
Talia Teatro	6	102,33	328,13
Teatro Buratini	9	144,44	54,56
Teatro Cachuzo	2	74,50	57,50
Teatro de Adro	2	89,50	135,50
Teatro de Ningures	7	100,43	309,00
Teatro del Andamio	6	121,50	59,33
Teatro do Aquí	6	171,83	450,17
Teatro do Atlántico	6	73,00	204,97
Teatro do Morcego	11	92,27	225,39
Teatro do Noroeste	4	83,00	308,63
Teatro dos Tirinautas	2	141,00	99,70
Teatro Galileo	4	216,50	416,13
The Pinga Teatro	4	116,75	367,25
Títeres Cachirulo	5	84,60	91,60
Títeres Cascanueces	1	120,00	83,00
Títeres Falcatrúa	4	45,50	88,50
Títeres Trompicallo	1	111,00	222,00
Tres Globos	1	250,00	150,00
Viravolta Títeres	1	90,00	0,00
Volta e Dalle Teatro	4	78,00	145,50
Xabier Díaz	1	52,00	50,40
Xirriquiteula Teatre	3	107,67	0,00
TOTAL	286	161,65	472,60

TOTAIS

FUNCÍONS	286
PÚBLICO	46.232
OCUPACIÓN	43,13%
FACTURADO	135.164,70

